

## CONVOCATORIA DE PRENSA

# Gala XXV Aniversario de AGEF

- Asisten o presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF), José Bernardo Silveira, e o director territorial norte de CaixaBank, Juan Pedro Badiola.
- Clausura o acto o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

**Santiago de Compostela, luns 17 de novembro de 2025.**- A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) celebra mañá —18 de novembro, ás 13:00 horas, no Hotel Monumento San Francisco de Santiago de Compostela (Campillo de San Francisco, 3)— a súa Gala XXV Aniversario. Durante o evento entregarase un galardón a cada unha das 17 familias e empresas que formaron parte da asociación desde o ano 2000, en recoñecemento ao seu apoio ininterrompido durante 25 anos.

Intervirán o presidente de AGEF, José Bernardo Silveira, o director territorial norte de CaixaBank, Juan Pedro Badiola, e o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, quen pronunciará o discurso de clausura.

### **Sobre AGEF**

A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) é a principal asociación de empresas con raíces, sede social e vocación de permanencia en Galicia, integrada na actualidade por 63 compañías. O seu propósito é promover o desenvolvemento e crecemento das empresas familiares na nosa comunidade, defendendo os seus dereitos e intereses e apoiando iniciativas que as fagan máis competitivas, co obxecto de favorecer o incremento da prosperidade e calidade de vida de Galicia.